

I. DISPOSICIÓN XERAIS

COMISIÓN NACIONAL DO MERCADO DE VALORES

- 5145** *Circular 1/2019, do 28 de marzo, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola que se modifica a Circular 1/2009, do 4 de febreiro, sobre as categorías de institucións de investimento colectivo en función da súa vocación investidora, modificada parcialmente pola Circular 3/2011, do 9 de xuño.*

I

A Circular 1/2009, do 4 de febreiro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, definiu por primeira vez a vocación investidora de carácter monetario. A dita circular foi posteriormente modificada pola Circular 3/2011 para, entre outras modificacións, recoller a definición harmonizada dos fondos monetarios desenvolvida pola Autoridade Europea de Valores e Mercados (ESMA) nos seus criterios de actuación de nivel 3 (CESR/10-049), e estableceu dous tipos: monetarios a curto prazo e monetarios. Coa entrada en vigor do Regulamento (UE) 2017/1131 do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, faise necesario modificar de novo a definición das vocacións investidoras referidas a monetarios incluídas no anexo da Circular 1/2009 para recoller os tipos de fondos do mercado monetario previstos no dito regulamento.

O obxectivo do Regulamento (UE) 2017/1131, sobre fondos do mercado monetario, é establecer para os fondos do mercado monetario unhas normas comúns na UE en relación coa composición da carteira, activos aptos, o seu vencemento, liquidez e diversificación, así como a calidade crediticia dos emisores e dos instrumentos do mercado monetario en que invisten para evitar unha disparidade nos niveis de protección dos investidores e previr e mitigar calquera risco potencial de contaxio derivado de posibles retiradas bruscas e masivas de fondos por parte dos investidores.

Estas normas comúns inclúen unha tipoloxía dos fondos monetarios que debe ser recollida na Circular 1/2009, do 4 de febreiro, antes citada, o que constitúe o obxecto da presente circular.

Coincidindo coa adaptación que exige o Regulamento (UE) 2017/1131 e atendendo ao elevado número, patrimonio e heteroxeneidade segundo a duración da súa carteira dos fondos encadrados na categoría renda fixa euro, considérase adecuado crear unha nova categoría de IIC en función da súa vocación investidora e desagregar a citada categoría en dúas: renda fixa euro a curto prazo e renda fixa euro. O obxectivo é dar información máis precisa aos partícipes acerca do risco de tipo de xuro e diferenciar as dúas vocacións investidoras en función da duración da carteira, incluíndo a vocación de renda fixa euro a curto prazo as IIC con duración até 1 ano, e a vocación de renda fixa euro, as IIC con duración superior a 1 ano, e ambas teñen a posibilidade de ter un risco divisa máximo do 10%. En todo caso, incluíranse na nova vocación de renda fixa euro a curto prazo aquelas IIC que actualmente teñan vocación monetaria e que non se axusten ás vocacións investidoras monetarias que define o Regulamento (UE) 2017/1131.

Igualmente, dado que as características das IIC con obxectivo concreto de rendibilidade non garantido son diferentes ás das IIC que replican/reproducen un índice e as IIC cotizadas (a pesar de que todas elas levan a cabo unha xestión pasiva), aprovéitase para desagregar a categoría de IIC de xestión pasiva en dúas: IIC que replica un índice (que substitúe a denominación de IIC de xestión pasiva) e IIC con obxectivo concreto de rendibilidade non garantido.

Así mesmo, actualízase a referencia normativa das IIC cotizadas incluída na definición da nova vocación investidora de IIC que replica un índice do anexo, que pasa a ser o artigo 79 do RIIC.

A circular consta dunha norma única e dunha disposición transitoria única.

A norma única modifica a Circular 1/2009, do 4 de febreiro, e substitúe o anexo en que se recollen as vocacións investidoras.

Pola súa parte, a disposición transitoria única establece o réxime aplicable ás IIC rexistradas con vocación monetario a curto prazo ou monetario para adaptarse ás vocacións establecidas nesta nova circular. Neste sentido, o parágrafo primeiro do artigo 6.1 do Regulamento (UE) 2017/1131 impón que a denominación «fondo do mercado monetario» ou «FMM» só poderá ser utilizada por aquelas IIC que fosen autorizadas conforme o dito regulamento, e o terceiro parágrafo do mesmo artigo engade que calquera outra IIC non poderá presentar características esencialmente similares ás recollidas polo regulamento para os fondos do mercado monetario; isto obriga todas as IIC que actualmente teñan a vocación «Monetario a curto prazo» ou «Monetario», ben a axustarse ao disposto no regulamento, polo que quedarán encadradas nalgunha das vocacións monetarias que este prevé, ben, en caso contrario, a adaptar a súa vocación a algunha das restantes establecidas no anexo da circular.

A disposición transitoria única establece, así mesmo, o réxime aplicable ás IIC rexistradas con vocación renda fixa euro e duración até un ano, que deberán modificar o seu folleto e documento cos datos fundamentais para o investidor para incluír a vocación renda fixa euro a curto prazo. Así mesmo, recóllese o réxime aplicable ás IIC rexistradas con vocación IIC de xestión pasiva, que deberán modificar o seu folleto e documento cos datos fundamentais para o investidor para incluír a vocación que, se for o caso, lles corresponda.

En uso das facultades conferidas e de conformidade coa habilitación recollida no número 2 do artigo 30 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, o Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co Consello de Estado, na súa reunión do 28 de marzo de 2019, logo de informe do Comité Consultivo, dispuxo o seguinte:

Norma única. Modificación da Circular 1/2009, do 4 de febreiro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre as categorías de institucións de investimento colectivo en función da súa vocación investidora, modificada parcialmente pola Circular 3/2011, do 9 de xuño.

Modifícase o anexo da Circular 1/2009, do 4 de febreiro, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre as categorías de institucións de investimento colectivo en función da súa vocación investidora, que queda da seguinte forma:

«ANEXO

Vocacións de investimento

Vocación	Definición
FMM a curto prazo de valor liquidativo constante de débeda pública. FMM a curto prazo de valor liquidativo de baixa volatilidade. FMM a curto prazo de valor liquidativo variable. FMM estándar de valor liquidativo variable.	As IIC autorizadas como fondos do mercado monetario (FMM) de conformidade co Regulamento (UE) 2017/1131 sobre fondos do mercado monetario, en función da categoría a que en cada caso pertencen.
Renda fixa euro a curto prazo.	IIC que sen seren clasificadas como monetarias reúnan os seguintes requisitos: Ausencia de exposición total a renda variable. Duración da carteira igual ou inferior a 1 ano. Máximo do 10% da exposición total en risco divisa.
Renda fixa euro.	Ausencia de exposición total a renda variable. Duración da carteira superior a un ano. Máximo do 10% da exposición total en risco divisa.

Vocación	Definición
Renda fixa internacional.	Ausencia de exposición total a renda variable. Posibilidade de ter máis do 10% da exposición total en risco divisa.
Renda fixa mixta euro.	Menos do 30% da exposición total en renda variable. A suma dos investimentos en valores de renda variable emitidos por entidades radicadas fóra da área euro máis a exposición ao risco divisa non superará o 30%.
Renda fixa mixta internacional.	Menos do 30% da exposición total en renda variable. A suma dos investimentos en valores de renda variable emitidos por entidades radicadas fóra da área euro máis a exposición ao risco divisa poderá superar o 30%.
Renda variable mixta euro.	Entre o 30% e o 75% da exposición total en renda variable. A suma dos investimentos en valores de renda variable emitidos por entidades radicadas fóra da área euro máis a exposición ao risco divisa non superará o 30%.
Renda variable mixta internacional.	Entre o 30% e o 75% da exposición total en renda variable. A suma dos investimentos en valores de renda variable emitidos por entidades radicadas fóra da área euro máis a exposición ao risco divisa poderá superar o 30%.
Renda variable euro.	Máis do 75% da exposición total en renda variable. Ao menos o 60% da exposición total en renda variable emitida por entidades radicadas na área euro. Máximo do 30% da exposición total en risco divisa.
Renda variable internacional.	Máis do 75% da exposición total en renda variable se non foi clasificada como renda variable euro.
IIC que replican un índice.	IIC que replican ou reproducen un índice, incluídas as IIC cotizadas do artigo 79 do RIIC.
IIC con obxectivo concreto de rendibilidade non garantido.	IIC que teñan un obxectivo concreto de rendibilidade non garantido.
Garantido de rendemento fixo.	IIC para o que existe garantía dun terceiro e que asegura o investimento máis un rendemento fixo.
Garantido de rendemento variable.	IIC coa garantía dun terceiro e que asegura a recuperación do investimento inicial máis unha posible cantidade total ou parcialmente vinculada á evolución de instrumentos de renda variable, divisa ou calquera outro activo. Ademais, inclúe toda aquela IIC coa garantía dun terceiro que asegura a recuperación do investimento inicial e realiza unha xestión activa dunha parte do patrimonio.
De garantía parcial.	IIC con obxectivo concreto de rendibilidade a vencemento, ligado á evolución de instrumentos de renda variable, divisa ou calquera outro activo, para o que existe a garantía dun terceiro e que asegura a recuperación dunha porcentaxe inferior ao 100% do investimento inicial. Ademais inclúe toda aquela IIC coa garantía dun terceiro que asegura a recuperación dunha porcentaxe inferior ao 100% do investimento inicial e realiza unha xestión activa dunha parte do patrimonio.
Retorno absoluto.	IIC que se fixa como obxectivo de xestión, non garantido, conseguir unha determinada rendibilidade/risco periódica. Para isto segue técnicas de valor absoluto, «relative value», dinámicas.
Global.	IIC cuxa política de investimento non encaixe en ningunha das vocacións sinaladas anteriormente.»

Disposición transitoria única.

As IIC que no momento da entrada en vigor desta circular teñan vocación monetario a curto prazo ou monetario deberán modificar o folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor para adaptar a súa vocación a algunha das establecidas no anexo recollido na norma única desta circular.

As IIC que teñan vocación renda fixa euro e duración até 1 ano deberán modificar o folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor para adaptar a súa

vocación á de renda fixa euro a curto prazo no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente circular.

As IIC que teñan vocación IIC de xestión pasiva deberán modificar o folleto e o documento cos datos fundamentais para o investidor para adaptar a súa vocación á de IIC que replica un índice ou IIC con obxectivo concreto de rendibilidade non garantido, segundo corresponda, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente circular.

As IIC con obxectivo concreto de rendibilidade non garantido rexistradas antes da data de entrada en vigor desta circular que contén con limitacións á subscripción de participacións ou accións con posterioridade á dita data non están obrigadas a cumprir o establecido no parágrafo anterior, sen prexuízo de recoller a modificación da súa vocación investidora na seguinte actualización de folleto e do documento cos datos fundamentais para o investidor que deba realizarse.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de marzo de 2019.–O presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, Sebastián Albella Amigo.